

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Literatura hispanoamericana II				
Materia	Literatura hispanoamericana II			
Código	V01G400V01937			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Fariña Busto, María Jesús			
Profesorado	Fariña Busto, María Jesús			
Correo-e	mbusto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais autores, autoras e obras da literatura hispanoamericana desde o século XIX ata a actualidade.			

Competencias	
Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D4	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
D6	Capacidade de xestionar a información.
D7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecemento dos principais fitos da literatura escrita en lingua española, con especial atención aos contextos socioculturais en que se producen	A1 A2 A5	B1 B2 B5 B7	C3 C6 C9	D2 D4 D6 D7 D8 D9 D10

Contidos	
Tema	
1. Romanticismo	1.1. Independencia e novos contextos 1.2. A novela romántica Gertrudis Gómez de Avellaneda, Sab
2. A crise de fin de século	2.1. A crise de fin de século 2.2. "Quen somos". O ensaio modernista -Selección de textos-
3. Entre o Modernismo e as vangardas	3.1. As "poetas posmodernistas" Alfonsina Storni e Delmira Agustini. Selección de textos
4. Creacionismo e outros ismos	4.1. Vicente Huidobro, Altazor o el viaje en paracaídas 4.2. César Vallejo, Poemas humanos
5. Cara unha nova narrativa	5.1. Horacio Quiroga,""El almohadón de plumas"" e ""El hombre muerto"" 5.2. María Luisa Bombal, ""La amortajada""
6. Narrativa do boom e o postboom	6.1. Ernesto Sabato, El túnel 6.2 Alejo Carpentier, El reino de este mundo 6.3. Jorge Luis Borges, "La casa de Asterión", "La cautiva" e " El informe de Brodie" 6.4. Juan Rulfo, Pedro Páramo 6.5. Manuel Puig, El beso de la mujer araña
7. A diversidade no conto das tres últimas décadas	7.1. Silvina Ocampo, "Jardín de infierno" (Cornelia frente al espejo, 1988) 7.2. Luisa Valenzuela, "La llave" (Simetrías, 1993) 7.3. Renée Ferrer, "El ovillo" e "Helena" (La seca y otros cuentos, 1986) 7.4. Andrés Neuman, "El fusilado" e "Las cosas que no hacemos" (Hacerse el muerto, 2011) 7.5. Daína Chaviano, "Estirpe maldita" (Extraños testimonios, 2016)

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	16	40	56
Debate	18	32	50
Traballo tutelado	2	26	28
Eventos científicos	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	55	57

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Sesións sobre contextos e movementos histórico-literarios
Actividades introdutorias	Presentación da materia e descripción dos seus obxectivos
Presentación	Exposicións na aula sobre diversos aspectos das lecturas obligatorias
Debate	Reflexión sobre temas, obras e intereses estéticos de cada época literaria
Traballo tutelado	Realización dun traballo escrito sobre algunha cuestión relativa a unha o varias das obras de lectura obligatoria
Eventos científicos	Conferencia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Presentación	Atención aos problemas que se formulen nas distintas presentacións
Traballo tutelado	Resolución de dúbidas e indicacións sobre a planificación do traballo

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Os contidos desenvolvidos nas sesións maxistrais serán avaliados a través das reflexións na aula	10	
Presentación	Exposición na aula sobre diferentes aspectos dos movementos literarios e das obras leídas	10	A1 B2 C9 D2 A2 B5 D6 D8 D9 D10
Debate	O debate referirase a reflexións sobre temas, obras e intereses estéticos de cada época literaria	15	
Traballo tutelado	Traballo escrito sobre algún aspecto dunha ou de varias das lecturas obligatorias do programa	10	A5 B1 C6 D2 B5 C9 D6 D7 D10
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre algúns aspectos das obras de lectura obligatoria, así como tamén comentarios dalgún fragmento das mesmas. O coñecemento dos contidos expostos nas sesións maxistrais serán avaliados, igualmente, a través destas probas	55	A1 B2 C6 D6 A5 B5 C9 D7 D9 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. AVALIACIÓN CONTINUA (asistencia a clase dun 80%):

A nota resultará da ponderación das calificacións das exposicións e debates de clase, o traballo escrito e as probas de resposta larga e o análise de textos.

Será **requisito** para superar cada unha destas actividades a correcta exposición oral e escrita, é dicir, o uso pertinente dos signos de puntuación, a corrección ortográfica, o orde e claridade expositiva e a limpeza dos exercicios.

A data da proba-exame coincidirá con aquela fixada oficialmente pola Facultade para o alumnado de avaliación única.

2. AVALIACIÓN ÚNICA

As alumnas e alumnos que non poidan asistir ás clases terán que realizar, ademais de proba-exame, un traballo sobre algún aspecto relativo aos contidos da asignatura. Por esta razón, é importante que se poñan en contacto con profesora durante as primeiras semanas do cuadrimestre.

Neste caso, o valor do traballo será do 25% e o da proba-exame do 75%, o que significa que será preciso aprobar esta última proba para sumar a nota do traballo.

Proceden, igualmente, para aprobar, os **requisitos** indicados a propósito da evaluación continua.

A proba-exame realizarase na data fixada oficialmente pola Facultade.

3. SEMIPRESENCIALIDADE

O alumnado semipresencial terá que realizar a proba-exame (de características similares ás da evaluación continua) ademais de resolver algunhas probas de resposta curta e larga que se realizarán a través da plataforma virtual. Realizará tamén un breve traballo (sobre algún/s aspecto/s das obras de lectura obligatoria) a través do cal dar conta das súas capacidades críticas e analíticas.

Os **requisitos** para superar estas probas son idénticos ós da evaluación continua (véxase arriba)

A proba-exame celebrarase na data fixada oficialmente pola Facultade.

4. CONVOCATORIA DE XULLO. En todos os casos, a convocatoria de xullo terá lugar na data fixada pola Facultade. Nesta convocatoria, a avaliación realizarase a través de probas de reposta curta, de probas de ensaio a de análise de textos.

NOTA: Naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer referidas adecuadamente. Plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sáinz de Medrano, Luis, **Histoia de la literatura hispanoamericana, desde el Modernismo**, Taurus, 1989

Bibliografía Complementaria

Franco, Jean, **Historia de la literatura hispanoamericana a partir de la independencia**, Ariel, 1987
Íligo Madrigal, Luis, ed., **Historia de la literatura hispanoamericana, vol II**, Cátedra, 2015
Shaw, Donald, **Nueva narrativa hispanoamericana: boom, posboom, posmodernismo**, Cátedra, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura hispanoamericana I/V01G400V01936

Outros comentarios

1. As obras de lectura obligatoria aparecen indicadas en cada un dos apartados de cada tema (sección Contidos)

A bibliografía complementaria específica sobre cada época e cada autor/a do programa facilitarase a través da plataforma virtual. Tamén a través desta plataforma achegaranse as indicacións e materiais pertinentes para o alumnado semipresencial.

2. Para o alumnado ERASMUS (de habelo) os requisitos serán os mesmos en todos os aspectos da materia.

3. O horario de titorías entregarase no comezo do cuadrimestre. As consultas enviadas por correo-e serán respondidas dentro dese mesmo horario.

Plan de Continxencias

Descrición

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA NO CASO DE CIRCUNSTANCIA DE EMERXENCIA SANITARIA

1. Desenvolvemento da materia
O alumnado disporá dende o comezo do cuadrimestre dun cronograma que recolla a secuencia de desenvolvemento dos contidos da mesma. Tendo en conta que estos se apoian fundamentalmente na lectura de textos literarios, tocante a este aspecto, en caso de circunstancia de emerxencia sanitaria sobrevida, será relativamente fácil a adaptación a un sistema non presencial. No que respecta á metodoloxía, a Lección maxistral sería sustituida polo aporte de materiais de diverso tipo a través da plataforma faitic e a través de titorías virtuis co grupo, nas que poderían facerse igualmente reflexións e debates semellantes (é un modo de falar) aos desenvoltos habitualmente na aula.
Do mesmo xeito que nunha situación de docencia normal, o alumnado recibirá as referencias bibliográficas correspondentes a cada tema e lecturas obrigatorias do programa a través do faitic. É moi importante, por isto, que preste a máxima atención aos avisos e materiais que se subirán á plataforma.

2. Avaliación
O deseño da avaliación da materia no seu formato presencial, apóiase en varios tipos de proba: os contidos das leccións maxistrais, traballo tutelado e exposicións e debates na aula, cuxo resultado representa un 45% da cualificación da materia; e unha proba exame consistente en preguntas de desenvolvemento, o resultado do cal representa o 55%.
Se a situación o requerise, este deseño veríase modificado nos seguintes termos:
a) Caso de situación de ausencia total de presencialidade: un 80% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 20% a debates realizados en titorías de grupo virtuais.
b) Caso de situación combinada entre presencialidade e non presencialidade: un 65% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 35% as actividades de aula desenvolvidas no período de docencia presencial.
En ningún caso se modifican, en cambio, os requisitos para superar as probas. Como se di na Guía docente: Será requisito para aprobar cada unha das actividades a correcta expresión oral e escrita, é dicir, o uso pertinente dos signos de puntuación, a corrección ortográfica, a orde e claridade na exposición e a limpeza dos exercicios. Por outro lado, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer referidas adecuadamente; plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o exercicio.

Para o alumnado semipresencial, no caso de producirse esta emerxencia, o desenvolvemento e avaliación da materia coincidirían coa do alumnado presencial (nos termos arriba expostos).

Por outro lado, de se impor unha modalidade docente mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo a outra parte as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor

se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que na modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.